



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP CARLOS CASARES  
CURSO: 5º EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 7 de maio de 2020



## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**



**1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia clave
B1.2. Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	Competencia Social e Cívica, Aprender a aprender.
	CSB1.2.2. Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	Competencia Social e Cívica, Aprender a aprender.
B2.2. Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características.	CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	Competencia Matemática e Tecnoloxía, Comunicación Lingüística.
B3.3 Describir a organización do Estado español así como os órganos de goberno.	CSB3.3.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.	Competencia en Comunicación Lingüística e Social e Cívica.
B3.1. Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta.	CSB3.1.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos mais importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.	Competencia Social e Cívica e Comunicación Lingüística.



## 2. Avaliación e cualificación

<p><b>Avaliación</b></p>	<p>Procedementos:</p> <p><b>5ºB:</b> os procedementos que se levaron a cabo tanto no primeiro como no segundo trimestre foron a través dunha metodoloxía baseada na Aprendizaxe Cooperativa (<i>recollida como medida ordinaria no artigo 8 do Decreto 229/2011 de Atención á Diversidade</i>), <i>probos colectivos, probas individuais, traballos en grupo, presentacións, exposicións, ...</i></p> <p><b>5ºA:</b> Os procedementos levados a cabo tanto no primeiro coma no segundo trimestre foron a realización de diferentes probas orais e/ ou escritas, traballos, exposicións...</p> <p>Ter en conta as actitudes do alumnado, interese, motivación e participación a través da plataforma.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Rúbricas, autoavaliacións do alumnado, ficha de observación diaria, caderno de aula, anecdotario, fichas de avaliación por equipos base, probas en grupo, individuais, ...</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Dada a situación extraordinaria nesta etapa decídese para a cualificación final unha avaliación continua e diagnóstica, polo tanto con carácter exponencial. O terceiro trimestre non afectará negativamente a cualificación final pero si terase en conta positivamente o esforzo e o estado emocional do alumnado e tendo moi en conta o trato profesor – alumno/a con especial atención ao alumnado que presente necesidades de atención educativa unido a unha boa educación emocional.</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p>Criterios de promoción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñece os corpos celestes que hai no universo.</li> <li>- Identifica o Sol como estrela do noso sistema</li> <li>- Describe o movemento de translación e rotación da Terra e o efecto destes movementos.</li> <li>- Define a Constitución como elemento representativo da liberdade e Democracia española.</li> <li>- Nomea e localiza nun mapa as diferentes CCAA e provincia do Estado español.</li> </ul> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Avaliación continua en positivo, en todo caso 50% os dous primeiros trimestres. O terceiro trimestre, pola situación excepcional, computará para aumentar a porcentaxe e centrarase en aspectos emocionais e o esforzo para sobre levar esta situación.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Valoración do traballo realizado a través da plataforma dixital.</p> <p>Ter en conta as actitudes do alumnado, interese, motivación e participación a través das actividades da plataforma dixital.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### Actividades

5ºB:



5ºA:

- ✓ As actividades serán de repaso e consistirán en afianzar os contidos traballados ao longo do curso no primeiro e segundo trimestre.
- ✓ Visualización de vídeos explicativos dos contidos traballados.
- ✓ Tarefas relacionadas cos contidos.
- ✓ Corrección das tarefas.

#### Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

5ºB:

- As actividades envíanse a través da aplicación ou do correo en cuestión que se revisan diariamente e reenvíanse ás familias.
- O volume de actividades organízase atendendo ás circunstancias familiares.
- Ata o de agora a participación e cumprimento titor-familias é do 90% considerando moi positivo este nivel de actuación.
- 1 alumno (10%) non ten conectividade polo que utilízase o servizo de impresión e domicilio do Concello para facerlle chegar as mesmas tarefas e instrucións ca o resto.

5ºA:

- Os recursos utilizados son recollidos dos contidos educativos dixitais do proxecto E-Dixgal, en concreto de aulaPlaneta.
- As actividades son enviadas a través da plataforma, do correo electrónico ou do WhatsApp. Revisanse diariamente e reenvíanse ao alumnado.
- O volume de actividades organízase atendendo ás circunstancias familiares.
- A conectividade e participación do alumnado é do 100%.
- Calquera dúbida será resolta a través do correo electrónico, grupo de WhatsApp ou plataforma dixital.



**Materiais e recursos**

**5ºB:** Nesta titoría ábrese dúas alternativas:

- Correo “gmail” creado especificamente desde o comezo do curso para a comunicación familia-titor: [joscargfprofe@gmail.com](mailto:joscargfprofe@gmail.com)
- Plataforma e aplicación educativa “CLASSDOJO” no que destaco a súa privacidade e seguridade nos datos cumprindo o RGPD (General Data Protection Regulation) establecido pola Unión Europea así como avalado por outros selos de calidade.
  - o A través da “Historia de la clase” desta plataforma onde unicamente teñen acceso as familias e o titor do grupo, preséntanse as diferentes actividades a realizar durante estes días. Adóptanse, en función do nivel e a etapa de primaria, actividades de carácter motivador reforzando o traballo en equipo que se viña facendo ata o de agora na aula e seguindo unha metodoloxía de AC (Aprendizaxe Colaborativa) con especial atención á Educación Emocional.
- Plataforma de Vídeo: WEBEX MEET, onde temos unha reunión semanal practicamente co 75% do alumnado.

**5ºA:** - Plataforma e contidos dixitais educativos do proxecto E-Dixgal (**Aula Planeta**).

- Correo electrónico.
- Grupo de WhatsApp.



#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	5ºB:
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Correo electrónico</li> <li>- ClassDojo</li> <li>- WEBEX MEET</li> <li>- Web do centro</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	5ºA:
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Abalar móbil</li> <li>- AulaPlaneta</li> <li>- Correo electrónico</li> <li>- Grupo de WhatsApp de familias do curso.</li> </ul>
	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcarloscasaresxinzo/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcarloscasaresxinzo/</a>

e-mail: [ceip.carlos.casares@edu.xunta.es](mailto:ceip.carlos.casares@edu.xunta.es)

Tf.: 988788455,



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

PÁXINA 5 DE 5

CENTRO:  
CURSO:  
MATERIA:

[Escriba aquí]

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.